# IDADE MEDIA
(S. V - XV)

## ALTA IDADE MEDIA
(S.V - X)

- Reinos xermánicos:
  - Suevo
  - Visigodo
- Predominio de Al-Andalus: Emirato e Califato

## PLENA IDADE MEDIA
(S. XI - XIII)

- Crise de Al- Andalus:
  - Reinos de taifas
  - Almorábides e almohades
- Formación dos reinos cristiás

## BAIXA IDADE MEDIA
(S.XIV-XV)

- Crise económica, demográfica, social...
- Revoltas sociais:
  - En Cataluña.
  - Irmandiños

# O ISLAM NA PENÍNSULA (711 - 1492)

- Os musulmáns chegan á Península no 711 (tropas bérberes comandadas por Muza e Tariq)
- Causas:
  - Rápida expansión do islam (xurdido en Arabia no 622)
  - Conflitos polo trono no reino visigodo (entre os partidario de Rodrigo e os do fillo de Witiza, que piden axuda ós pobos do norte de África)



- **CONQUISTA** rápida (711-714) → debilidade da monarquía visigoda.

Desaparece o reino visigodo e xorde Al- Ándalus.



# ◆ ETAPAS POLÍTICAS




Línea temporal del Islam y Al-Andalus.

- VALIATO (711 – 756). Al-Ándalus e unha **provincia do Imperio islámico** gobernado desde Damasco. Conflitos entre a elite árabe e siria e os bérberes.



- EMIRATO DE CÓRDOBA (756 – 929). **Desde a proclamación de Abd al-Rahmán I como emir** Al-Ándalus é un **Estado independente** do Imperio islámico, pero sometido á autoridade relixiosa do califa de Bagdad.






- CALIFATO DE CÓRDOBA (929 – 1031). Inicia coa proclamación de **Abd al-Rahmán III** como **califa** (xefe político e relixioso). Máximo esplendor. Sometemento ó poder califal, reforzamento das fronteiras (marcas) e razias (ataques) ós reinos cristiáns.









# REINOS DE TAIFAS E REINOS ALMORÁBIDE E ALMOHADE (1031 – 1248)

- Primeiros reinos de taifas (1031-1086). Fragmentación de Al-Ándalus en reinos autónomos. Crise e avance dos reinos cristiáns.







Avance reinos cristiáns 1085

- Reino almorábide (1086 – 1144). Os almorábides, con poder no norte de África, acoden en axuda dos musulmáns andalusís e reunifican Al-Ándalus. O seu poder debilítase a partir de 1144 → Segundos reinos de taifas.









- Reino almohade (1147 – 1248). Dende o norte de África acoden en axuda dos andalusís. Tras a súa derrota nas Navas de Tolosa (1212) perden poder → Terceiros reinos de taifas.









- Tras a batalla das Navas de Tolosa, os musulmáns perden territorios no val do Guadalquivir e quedan reducidos ó **Reino Nazarí de Granada**, que pervivirá ata ser conquistado polos Reis Católicos (1492).



- **SOCIEDADE.** Complexa e diversa. Diferenzas segundo relixión (musulmáns, xudeus e mozárabes), etnia (árabes e sirios posición privilexiada, bérberes modesta...), actividade...



- **ECONOMÍA.** Rica e diversa. Favorecida pola posición xeográfica da Península e por estar integrada na área comercial islámica (intercambios entre Oriente e Occidente).

- **Agricultura e gandería** destinada ó mercado urbano e ó comercio exterior.

- **Agricultura de secaño**. Triloxía mediterránea.









- Introducen **novos cultivos**: arroz, azafrán, cana de azucre, algodón, berenxena, sandía, melón, laranxeira, limoeiro, cenoria, marmelo, albaricoque...
- Desenvolven **avanzadas técnicas de regadío**. Regulan o uso da auga (Tribunal das Augas de Valencia).



RODA HIDRÁULICA

ACEA





NORAS DE TIRO

# Artesanía



TINTES





ESPARTO

MARQUETERÍA



MARROQUINERÍA







SEDA

TECIDOS



ORFEBRERÍA





ARMAS



CERÁMICA



PAPEL





VIDRO

- Comercio intenso, sobre todo polo Mediterráneo

Importantes estaleiros (Sevilla, Tortosa)




**Moeda única** no mundo islámico:
o dinar de ouro e o dirhem de prata



**Crecemento urbano**. Tanto das cidades romanas como as de nova creación (Madrid, Almería, Calatayud...). A capital, Córdoba, era das máis populosas do mundo.







# RECONQUISTA E REPOBOACIÓN

- **RECONQUISTA.** Proceso lento e irregular de avance dos territorios cristiáns sobre as terras de Al-Andalus.

- **INICIOS: SS. VIII-X**

- **<u>Na zona occidental</u>**. Os hispano-cristiáns refuxiados nas terras da C. Cantábrica resisten as partidas musulmáns (Covadonga, 722). Creación do **Reino de Asturias** e avance cara ás terras do Douro. Traslado da capital a León (→**Reino de León**) e creación do **condado de Castela**.



- **<u>Na zona oriental</u>**. Baixo dominio carolinxio (**Marca Hispánica**). **Ó longo do s.X** os condados independízanse e **créase o Reino de Pamplona, o condado de Aragón, Sobrarbe e Ribagorza e os Condados Cataláns**. O Reino de Pamplona avanza cara Aragón e por terras rioxanas.



## NOS SS. XI-XII.

- A principios do XI, o Reino de Pamplona é o máis poderoso. **Sancho III o Maior domina Aragón, Sobrarbe, Ribagorza e Castela, e somete a vasalaxe ós reis leoneses e condes cataláns**. A súa morte reparte os territorios entre os seus fillos a título de rei: **xorde o Reino de Castela e o de Aragón**, que máis tarde recibirá os condados de Sobrarbe e Ribagorza quee acabará en mans de Pamplona.







Testamento de Sancho III el Mayor y fragmentación de sus dominios a su muerte. El nacimiento de dos nuevos reinos: Castilla y Aragón.


REINO DE ARAGÓN
SOBRARBE
RIBAGORZA
Santiago
León
Pamplona
Burgos
REINO DE NAVARRA
REINO DE LEÓN
REINO DE CASTILLA
CONDADOS CATALANES
Zaragoza
Barcelona
OCÉANO ATLÁNTICO
Toledo
Palma
Valencia
Badajoz
AL-ÁNDALUS
Córdoba
Murcia
Sevilla
Granada
Almería
Málaga
Algeciras
Mar Mediterráneo
Escala: 1 / 15 000 000
0 100 200 300 km
LA PENÍNSULA IBÉRICA A PRINCIPIOS DEL SIGLO XI
Límite entre los territorios cristianos y musulmanes

- **Unión de Castela e León no reinado de Fernando I**, separados a súa morte e voltos a unir e separar repetidas veces.
- Creación do **Reino de Portugal** con Afonso Henriques (1143), négase a render vasalaxe ó castelán-leonés Alfonso VII o Emperador.






- A finais do XI **os casteláns-leoneses alcanzan o Texo** (conquista de Toledo por Alfonso VI en 1085).
- No s. XII **avance ata o Guadiana** (León por Extremadura e Castela por A Mancha), **Ebro** (Alfonso I o Batallador toma Zaragoza en 1118 e Ramón Berenguer IV Tortosa en 1148) **e cursos altos do Turia e do Xúquer.** Portugal conquista Lisboa.



- Na zona oriental, **Alfonso I o Batallador avanza no proceso conquistador** e fai incursións nos reino almorábide. **O seu testamento** a favor das Ordes Militares **non é aceptado** nin por navarros nin por aragoneses. **Os navarros designan rei a García Ramírez**, **os aragoneses a Ramiro II o Monxe**. O matrimonio de Petronila, filla de Ramiro e herdeira de Aragón, con Ramón Berenguer IV (Conde de Barcelona) orixina a **creación da Coroa de Aragón** (o seu fillo, Alfonso II herda os títulos)






La corona de Aragón en tiempos de Alfonso II.

# A Península entre 1150 e 1212



## O IMPULSO RECONQUISTADOR DO XIII

- Unha coalición de tropas castelás, aragonesas, navarras e portuguesas **derrota ós almohades nas Navas de Tolosa** (1212) → **Os cristiáns avanzan polo sur e leste**: Portugal conquista o Algarve, Castela o val do Guadalquivir e Murcia e a Coroa de Aragón Valencia, Denia e Mallorca.



- **Unión** definitiva **de Castela e León** con Fernando III o Santo en 1230.






- **Al-Andalus reducido ó Reino de Granada**, conquistado polos Reis Católicos en 1492.



- **REPOBOACIÓN.** Proceso de **ocupación e colonización das terras reconquistadas**. Obxectivos:

- **Estratéxicos** (defender os territorios gañados por medio de campesiños e guerreiros).
- **Económicos** (revitalizar a agricultura, a gandería e os recursos da facenda real)
- **Políticos** (contrarrestar o poder señorial coa creación de vilas e cidades con carta de poboación)


CARTA-PUEBLA DE CIUDAD REAL OTORGADA EN 1255 POR ALFONSO X EL SABIO

- <u>Tipos</u>: *presura* ou *aprisio*, carta de poboamento, doazón e repartimento.




**SISTEMAS DE REPOBLACIÓN (SIGLOS VIII-XIII)**

- **PRESURA ou *APRISIO***. Séculos VIII – X en Galicia, val do Douro e alto Ebro.
  - **O rei autoriza o asentamento de poboación** nun territorio cuxas terras pasan a ser propiedade de quen as ocupe e traballe.
  - **Podía ser dirixida** (o rei ou os seus axentes distribuían terras entre os colonos) **ou espontánea** (os campesiños ou comunidades monásticas apropiábanse da terra e logo solicitaban a legalidade da ocupación ó rei).
  - **Orixinou unha sociedade de campesiños libres que explotaban pequenas propiedades e terras comunais** e comprometidos coa defensa militar do territorio.



- CARTA DE POBOAMENTO. Séculos XI-XIII no val do Ebro e entre o Douro e o Texo.

- **O rei divide o territorio** conquistado **en concellos** formados por unha vila ou cidade e o seu alfoz **e lle outorga** foros ou **cartas de poboamento recoñecendo** certos **privilexios** (cesión de terras, a exención de taxas e obrigas feudais, a concesión de feiras...) a cambio da defensa do territorio por parte dos viláns.

- **Orixina unha sociedade de homes libres e medianos propietarios.**



Carta de poboamento de Benavente, 1167

- DOAZÓNS ÁS ORDES MILITARES. Na 1/2 do XIII no val do Texo, Montes de Toledo e cursos altos do Turia e do Xúquer.
  - **Cesión de extensas terras ás grandes Ordes Militares** (formadas por monxes-guerreiros) de Santiago, Calatrava, Alcántara e Montesa.
  - **Orixinou latifundios gandeiros e fortalezas** para defender as fronteiras.






- REPARTIMENTO. 2/2 do XII no val do Guadiana e no XIII no val do Guadalquivir, costa levantina e Baleares.

- **Os reis outorgan grandes lotes de terras** entre aqueles que participaron na conquista. A extensión das terras depende do rango: **a gran nobreza recibe donadíos** (grandes latifundios); **a de menor rango, heredamentos** (propiedades máis pequenas).

- 

- Orixinou grandes **contrastes entre unha nobreza posuidora de extensos latifundios** dedicados a gandería **e numerosos campesiños sen terras.**

# RÉXIME FEUDAL E SOCIEDADE ESTAMENTAL

**RÉXIME FEUDAL: MONARQUÍAS FEUDAIS.** Comezan a formarse nos ss. IX e X e triunfan no XI e XII

- **Carácter patrimonial e hereditario do reino**. O reino considerábase propiedade do rei que o recibía e transmitía por herdanza e podía dividilo entre os fillos.
- **Perda do poder do rei**. Soberanía real (orixe divina do poder: "rei pola Gracia de Deus"), pero o rei tivo que recorrer á nobreza para gobernar o reino e concedeu privilexios forais a territorios e cidades = perda do poder.





Distinta concepción da monarquía:

- Na **Coroa de Castela** triunfou a **concepción autoritaria** e centralista. O rei conservou a facultade de declarar a guerra e os poderes lexislativo e xudicial. Mesmas leis en todos os territorios (agás no vasco)
- Na **Coroa de Aragón** impúxose a **concepción pactista** (→ maior poder da nobreza) ⇒ poder real limitado polas Cortes e polas leis e costumes do país. Cada reino conserva as súas leis e institucións.



# MODELOS DE MONARQUÍA

CORONA DE CASTILLA → AUTORITARIA

- Monarquía Feudal que fue reduciendo progresivamente el poder de los nobles.
- Se fueron apoyando en pueblos de realengo y ciudades con fueros.
- A partir del siglo XIII se va a crear un cuerpo legislativo que refuerce el poder de los monarcas así será fundamental la obra legislativa de Alfonso X con sus «Partidas» o de Alfonso XI a través del «Ordenamiento de Alcalá»

CORONA DE ARAGÓN → PACTISTA

- Estaba dividido en diferentes reinos: Aragón + Cataluña + Valencia.
- Cada uno tenía sus propias leyes e instituciones de gobierno, el rey debía tenerlas en cuenta.
- Esto debilitó bastante la figura del rey que al ser investido se comprometía a respetar las leyes y fueros de cada uno de los reinos.

↓

DIPUTACIONES o Generalidad

- **Relacións de vasalaxe e réxime señorial**. Xorden pola incapacidade das monarquías feudais de controlar o reino.

- **Relacións de vasalaxe**. Establecidas nas cerimonias de homenaxe (vínculo entre o vasalo e o señor) e investidura (entrega do feudo). Consecuencias:
  - O señor cede ó vasalo un beneficio ou feudo para o seu sustento e obtén axuda militar e consello.
  - Os vasalos deben fidelidade, axuda militar e consello ó señor o obteñen un beneficio e defensa militar e xurídica.

  Os grandes nobres establecen relacións de vasalaxe con nobres de menor categoría. Pirámide feudal.









# OBLIGACIONES FEUDALES

- Del vasallo hacia el señor:
  - Ayuda militar (Auxilium)
  - Consejo (Consilium)
  - Ayuda económica en 3 casos:
    - Rescate del señor
    - Regalo cuando se case la hija del señor
    - Regalo cuando se arme caballero el primogénito del señor
- Del señor hacia el vasallo:
  - Protección
  - Sustento: feudo
  - Defensa jurídica



- Co templo os vasalos conseguen establecer un **réxime señorial**. Os feudos convértense en señoríos nos que o señor feudal administra xustiza, recada impostos, regula a economía, constrúe pontes e muíños polos que cobra dereitos de monopolio... **Tipos de señorío: de reguengo, nobiliario e eclesiástico.**






- **Aparición das Cortes.** Xorden cando á Curia Rexia (órgano de goberno formado por nobres e eclesiásticos) se incorporan os burgueses ( → aumento do poder das cidades e intentos do rei de conter o poder dos privilexiados). As primeiras Cortes europeas son as do reino de León (1188)





- <u>En Castela</u> tiveron <u>carácter consultivo</u> e nelas aprobábanse os subsidios. Os burgueses esixiron concesións a cambio da aprobación de impostos solicitada polo rei.



- Na Coroa de Aragón cada reino tiña as súas Cortes, que posuían certo poder lexislativo e votaban os impostos. Para vixiar o cumprimento dos acordos das Cortes xurdiron a **Generalitat** (Cataluña e Valencia) e a **Diputación General** (Aragón)



# LA EVOLUCIÓN DE LAS MONARQUÍAS Y EL NACIMIENTO DE LAS CORTES

Daniel Gómez Valle



- **SOCIEDADE ESTAMENTAL.** Estruturada en estamentos (grupos sociais pechados ós que se pertencía por nacemento). Mobilidade social moi escasa, aínda que a reconquista e a repoboación permitiu certa promoción e aumentou a liberdade xurídica dalgúns.



- **Privilexiados** Gozaban de grandes patrimonios territoriais dos que obtiñan cuantiosas rendas, ostentaban cargos en exclusiva, rexíanse por códigos especiais, exentos de pago de impostos...

Nobreza. Función: defender á sociedade. Adestrábanse no exercicio das armas. Diferenzas entre **alta nobreza** (duques, condes...) e **baixa nobreza** (infanzóns, fidalgos, cabaleiros...).



Clero. Función: orar para salvar as almas. Vivían das rendas proporcionadas polo rico patrimonio, do décimo, dos ingresos polos seus servizos...Diferenzas entre o **alto clero** (xerarquía eclesiástica: bispos, abades...) e o **baixo clero** (curas, monxes...) e entre o **clero secular** (vive na sociedade civil: curas, bispos...) e **clero regular** (vive en mosteiros, son membros dunha orde relixiosa: bieitos, cistercienses...)









- Non privilexiados. Traballaban para manter á sociedade. Pagaban impostos (*pecheiros*).

  Campesiñado. Inmensa maioría. Diferenzas entre:

Campesiños **libres** (con terras de seu, baixo a autoridade do rei)

**Colonos** (encomendados a un señor, gañan seguridade pero perden liberdade)

**Servos** (traballan os mansos do feudo, pagan dereitos señoriais e teñen escasa liberdade)



Grupos urbanos. Medran co desenvolvemento das cidades (desde s. XII). Diferenzas:

**Burgueses**: artesáns, comerciantes, cambiadores, avogados, médicos..., asócianse en gremios. Os máis enriquecidos, o patriciado urbano, teñen intereses ligados á nobreza.



**Criados, estranxeiros, esmoleiros...**. viven na miseria.

**Non cristiáns: xudeus e mudéxares**. Viven en barrios asignados (xuderías, mourerías) e seguen as súas leis.

**Xudeus**. Son artesáns, comerciantes, cambiadores, prestamistas... Importante papel no crecemento económico. Viviron épocas de tolerancia e apoio real, pero sufriron o odio popular.

**Mudéxares**. Dedicados á artesanía e ó traballo no campo. Numeroso ó sur do Texo, Valencia e Murcia.





# AS CRISES BAIXOMEDIEVAIS

No s. XIV fréase a expansión económica dos ss XII-XIII e prodúcese unha fonda crise que afecta a todos os ámbitos.

- **Crise económica**:
  - **Agrícola**. Perda de colleitas (→ crise climáticas: chuvias, xeadas) ⇒ encarecemento alimentos fame.
  - **Desenvolvemento da gandería ovina transhumante**
    - Palía o descenso das rendas dos privilexiados (→ perda de colleitas, abandono de terras, encarecemento dos xornais), grandes propietarios dos rabaños da Mesta.
    - Estraga parte das colleita → conflitos entre agricultores e gandeiros.
- **Artesanal** → menos man de obra e menos demanda.

- **Crise demográfica.** As enfermidades e epidemias fixeron estragos nunha poboación desnutrida, con pouca hixiene e sen medicinas. A **Peste Negra** (1348-1363 e 1371) provocou a mortaldade do 25-35% da poboación. Afecta máis á Coroa de Aragón (Cataluña)








# Crise social

## Revoltas antiseñoriais.

- Os señores, ante a diminución das rendas, reaccionaron
  - Apropiándose de terras dos concellos
  - Esixindo cesión de terras ós reis
  - Endurecendo as condicións dos campesiños

Los malos usos

- INTESTIA, por la que el señor cobraba la tercera parte, o más, de los bienes del labriego si éste moría sin testamento;
- EXORQUIA, por la que el señor recibía parte de los bienes del labriego si no dejaba descendencia en el manso;
- CUGUCIA, por la que el señor tenía derecho a parte de los bienes del labriego si su mujer era adúltera;
- ARSINA, o compensación al señor en caso de incendio o catástrofe en el manso;
- FIRMA DE SPOLII, cantidad recibida por el señor para autorizar una dote (boda);
- REMENSA, cantidad que debía satisfacer el campesino para abandonar el manso.

- O campesiñado estoupa en revoltas antiseñoriais



**Revolta dos *payeses de remença* en Cataluña**.
A volta ós malos usos adscribía ós campesiños á terra e recuperaba e endurecía taxas e prestacións persoais. Non finalizou ata a *Sentenza Arbitral de Guadalupe* (1486)

**Revoltas Irmandiñas** en Galicia.

- **Conflitos urbanos.**

**Antisemitas.** O xudeus sufriron a ira popular (instigada desde os púlpitos), considerados os causantes da crise por envelenar o aire e as augas, de ser deicidas...

  - **Asalto ás xuderías**: destrucións e matanzas (pogrom de 1391, iniciado en Sevilla)






  - Algúns convertéronse ó cristianismo (**conversos**), pero foron vistos con receo polos cristiáns vellos.

**Entre artesáns e comerciantes e grandes mercadores**

En Barcelona entre a **Biga** (grandes mercadores) e a **Busca** (artesáns e comerciantes) polo goberno da cidade.

- Crise política
  - Na Coroa de Castela

Reforzamento do poder real

- *As Partidas*, de Alfonso X
- *Ordenamento de Alcalá*, de Alfonso XI

Enfrontamentos coa nobreza

Guerras civís

Entre Pedro I e Enrique de Trastámara (1366-1369)

**Triunfo de Enrique II**
- Entronizamento da dinastía Trastámara.
- *Mercés henriqueñas.*
- Morgados.

Entre Isabel e Juana a Beltraneja pola sucesión de Enrique IV (1475-1479)

**Triunfo de Isabel I** de Castela, apoiada por Coroa de Aragón

# Na Coroa de Aragón



## REVOLTAS IRMANDIÑAS (S.XV)

- Contexto de conflitividade
  - Social (fame, abusos señoriais)
  - Política (enfrontamentos entre bandos nobiliarios e os reis de Castela, Juan II e Enrique IV)
- Causa: abusos dos grandes nobres (patrocinio do bandoleirismo, aumento das cargas señoriais...)
- Organización dos grupos populares en **Irmandades** (asociacións de fraternidade ou de axuda mutua).




## IRMANDADE FUSQUENLLA (1431)

- Orixinada no dominio dos Andrade.
- Irmandiños, capitaneados por Roi Xordo, asaltan e destrúen fortalezas.
- Derrotados polas tropas do arcebispo de Santiago.

# GRAN GUERRA IRMANDIÑA (1467-1469)

- Esténdese a toda Galicia = guerra civil (campesiños, poboación urbana e algúns clérigos e fidalgos contra os grandes nobres)
- Os irmandiños, capitaneados por **Pedro Osorio, Alonso de Lanzós, Diego de Lemos…**, destrúen castelos e fortalezas.



- A gran nobreza foxe a Castela e Portugal.
- No contexto da II guerra civil castelá, reorganízase e regresa cos seus exércitos a Galicia. **Pedro Álvarez de Soutomaior** (Pedro Madruga), o arcebispo **Fonseca**, Xoán **Pimentel**, o mariscal **Pardo de Cela** e **Pedro Álvarez Osorio** derrotan ós irmandiños, sancionan ós líderes e esixen a reconstrución do destruído.

